USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

VICERREITORÍA DE POLÍTICA INTERNACIONAL

## ARE YOU READY?, POIS SIGUE CON ATENCIÓN O QUE IMOS FACER XUNTOS

1 6 xullo-30 setembro. Preinscrición ao programa. www.usc.es/es/servizos/ore/EEUU_Canada_Australia.html
2 Primeira semana outubro. Selección de 50 estudantes, mediante unha proba previa de inglés.
3 Outubro- mediados de novembro. Preparación ao exame TOELF (actividade subvencionada pola USC).
4 Novembro (estimado): Exame TOELF.
5 Decembro. Selección definitiva dos estudantes e elección das universidades por parte dos alumnos que superaron as probas

**É QUE... NA USC OLLAMOS O MUNDO!**

## INFORMACIÓN:

Oficina de Relacións Exteriores ou na Oficina de Información Universitaria
No tfno. 981 563 100/ 982 28 59 00
Por correo electrónico: ore@usc.es; oiusec@usc.es

**LEMBRA: PODES INSCRIBIRTE DESDE ESTE MOMENTO ATA O 30 DE SETEMBRO**

## INSCRÍBETE EN:

www.usc.es/es/servizos/ore/EEUU_Canada_Australia.html
www.usc.es/ore




# A USC AMPLÍA AS SÚAS FRONTEIRAS

# A USC AMPLÍA AS SÚAS FRONTEIRAS E AXÚDACHE A ESTUDAR EN EEUU, CANADÁ E AUSTRALIA

A USC amplía a súas fronteiras e…..axúdache a que fagas unha estadía nunha universidade de prestixio de fala inglesa, en Estados Unidos, Canadá ou Australia.

## QUE PODES CONSEGUIR NUNHA ESTADÍA DESTE TIPO?

Pensa na soltura en inglés coa que vas volver.
Ademais, podes complementar os teus estudos na USC e prepararte mellor para competir no mundo laboral...
E non falemos da experiencia persoal de coñecer outros mundos….

**NON ESQUEZAS QUE A USC RECOÑÉCECHE OS ESTUDOS QUE FAGAS ALÍ.**

## POR QUE CHE ANUNCIAMOS ISTO AGORA, CANDO ACABAS DE REMATAR O CURSO?

Porque quizais tes que desempoar un pouco os teus estudos de inglés durante este verán.

## CANDO MARCHAS?

A partir de febreiro do 2010, ou durante o curso 2010-2011.

## COMO CHE AXUDA A USC?

En primeiro lugar proporciónache unha bolsa. E é que o ano “abroad” pódeche saír de balde!. Ademais, a USC asesórate sobre a universidade que mellor se adecua aos teus estudos. E, por se fora pouco!, tamén che axuda a superar a proba de inglés que estes países piden aos estudantes extranxeiros.

**ESTADÍA GRATUÍTA DURANTE UN CURSO AOS 8 MELLORES CANDIDATOS**

## ANÍMASTE???...... CONTÁMOSCHE:

En primeiro lugar, empeza por botar unha ollada á lista de máis de 50 prestixiosas universidades deses países aos que a USC te pode enviar:

**A-** Universidades con convenios de colaboración coa USC
http://www.usc.es/gl/servizos/ore/convenios/list axe.html

**B-** Universidades do programa TASSEP (para estudantes de ciencias).
http://studyabroad.unc.edu/tassep/

**C-** Universidades do programa ISEP
http://www.isep.org/

**AHHH! QUE SAIBAS QUE A USC RECIBE ESTUDANTES DE TODAS ESTAS UNIVERSIDADES, QUE NOS CONSIDERAN DAS MELLORES DE EUROPA.**

## O CURSO PÓDECHE SAIR DE BALDE!

Ti podes ser un dos 40 afortunados aos que a USC sufragará parcialmente a súa estadía: 2.000 ou 4.000 € para un ou dous cuadrimestres, respectivamente (o que ti prefiras).
Ademais, se resulta que es un dos 8 mellores candidatos -por inglés e expediente académico- poderás gozar dunha bolsa nunha universidade do programa ISEP, que cobre a **maior parte dos gastos de matrícula**, aloxamento e manutención **(valorada en máis de 30.000 euros)**.

**NON ESTÁ MAL, NON?**

## O APOIO EN INGLÉS QUE NECESITAS

A USC subvenciona as clases introdutorias para prepararte ao exame TOELF. Que xa tes o teu certificado TOELF?, pois xa estás preparado para solicitar a estadía.

## ¿QUEN PODE IR?

Os estudantes dos tres últimos anos da carreira. Tamén os recentemente titulados pola USC que queiran facer un máster de especialización.